

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Ordinaria**Data e hora:** 26 de xuño de 2025 ás 21:00**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
8177*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	NON
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



Aprobación das actas das sesións celebradas os días 25 de febreiro e 24 de abril do 2025.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sométense a aprobación as actas das sesións celebradas os días 25 de febreiro e 24 de abril do 2025. Non presentándose observacións, as mesmas resultan aprobadas.

Expediente 483/2025. Dar conta da Liquidación do Orzamento do exercicio 2024.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

O Artigo 193.4 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais sinala que “da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral e dos estados financeiros das sociedades mercantís dependentes da entidade, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre”.

Vista a proposta de resolución PR/2025/54 de 29 de maio de 2025, a Corporación toma coñecemento da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024.

Expediente 451/2025. Dar conta do informe anual de resolucións adoptadas no ano 2024 polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

De acordo co artigo 15.6 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, con ocasión da dación de conta da liquidación do Orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, ou, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación

De acordo co artigo 37 do citado Real Decreto:

1. O órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da



aprobación da conta xeral, o informe resumen dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2. O informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior.

Vista a proposta de resolución PR/2025/56 de 29 de maio de 2025,

ACORDO:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento do informe anual das resolucións adoptadas no ano 2024 polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

SEGUNDO. Tomar coñecemento do informe resumen dos resultados do control interno levado a cabo no ano 2024.

Expediente 648/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 4/2025.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 42.078,60€, que se corresponden coa presentación na anualidade 2025 de facturas por parte dos provedores, referidas a prestacións realizadas no exercicio 2024, e que constan incluídas na relación contable F/2025/26

Visto o informe de reparo número 2025-0015, de 16 de xuño de 2025, formulado pola Intervención municipal, no que se manifesta a falta de autorización de gasto na relación de facturas indicadas, así como a incorrecta certificación da obra "Senda Peonil Para Seguridade Vial no Acceso á Piscina Municipal de Outes".

Vista a proposta de resolución PR/2025/67 de 23 de xuño de 2025, examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal 2025,

ACORDO:

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2025,



por importe total de 42.078,60€, que se corresponde coas facturas incluídas na relación contable F/2025/26, que se xunta como anexo á presente.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican na relación contable sinalada.

Aberta a **quenda de intervencións**, intervén, en primeiro lugar, a Concelleira de Facenda D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen explica que se trata dun recoñecemento extraxudicial de créditos que recolle facturas pendentes de pagamento relativas a exercicios anteriores. Indica que a relación contén facturas de diversa índole —por subministracións e servizos— por un importe total de 42.078,60 €, e que todas elas foron emitidas con anterioridade ao inicio do presente exercicio. Sinala que os membros da Corporación tiveron o expediente completo á súa disposición e que, ademais, as facturas foron encargadas polo anterior equipo de goberno, polo que os concelleiros presentes coñecen de primeira man os gastos que se inclúen na relación. Finaliza agradecendo a atención prestada.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de Compromiso Outes, D. Manuel González López, quen manifesta que as facturas recollidas no expediente se corresponden con servizos efectivamente prestados ao Concello e que, segundo entende, na súa maior parte corresponden a exercicios anteriores, aínda que foron rexistradas no presente ano. Afirma que, en consecuencia, deben ser boas, e anuncia que o seu grupo votará a favor.

Seguidamente intervén o voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen coincide en que, como en todo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, o fundamental é que os servizos se presten efectivamente, e que, unha vez se comprobe que a documentación está en orde, corresponde proceder ao seu pagamento. Indica que, segundo se desprende da documentación examinada, todas as facturas incluídas neste expediente foron rexistradas polas empresas ao longo do exercicio en curso, aínda que os traballos ou servizos correspondan a anualidades anteriores. En consecuencia, manifesta que o seu grupo tamén votará a favor.

Finalmente, intervén o concelleiro do Grupo Mixto D. José Antonio Caamaño Lestón, quen anuncia igualmente o seu voto favorable. Engade, como matiz, que a maior parte das facturas incluídas no expediente teñen como data de entrada no Rexistro municipal un momento posterior á presentación da moción de censura.

Rematadas as intervencións, o asunto sométese a votación, acordándose a **aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos por unanimidade dos membros da Corporación presentes**.



Expediente 251/2025. Nomeamento de representante suplente en órganos colegiados.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Mediante acordo plenario adoptado na sesión de 24 de abril do 2025, aprobouse a designación do Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira como representante do Concello de Outes nos órganos colegiados dos centros educativos CEIP de Outes e IES Poeta Añón.

Tendo en conta que, conforme ao artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, corresponde ao Pleno da Corporación o nomeamento dos representantes da entidade local en órganos colegiados doutras Administracións públicas ou entidades, e co obxectivo de garantir a asistencia e participación do Concello nestes órganos no caso de imposibilidade do titular de asistir por razóns de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa debidamente xustificada, resulta procedente designar un representante suplente.

Vista a proposta de resolución PR/2025/66 de 16 de xuño de 2025.

ACORDO:

UNICO. Nomear ao seguinte representante suplente do Concello de Outes en órganos colegiados:

- No CEIP de Outes, D. Andrés Castro Abelleira.
- No IES Poeta Añón da Serra de Outes, D. Andrés Castro Abelleira.

Aberta a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde expón o contido do expediente n.º 251/2025, relativo ao nomeamento dun representante suplente do Concello nos órganos colegiados dos centros educativos CEIP de Outes e IES Poeta Añón. O Alcalde explica que, segundo se recolle na proposta de resolución incorporada ao expediente, propónse o nomeamento de D. Andrés Castro Avelleira como representante suplente do Concello nos devanditos órganos colegiados.

Intervén D^a Alba Quintela Vilariño, voceira do grupo municipal Compromiso por Outes, quen felicita ao equipo de goberno por seguir o consello formulado no pleno anterior respecto da conveniencia de designar unha persoa suplente para estes órganos.

Non se producen mais intervencións por parte dos membros da Corporación, polo que o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, resultando **APROBADA por 7 votos a favor**



(Grupo de Goberno) e 5 abstencións (C.O e BNG).

Mocións

O grupo Municipal do BNG, ao abeiro do disposto no art. 91.4 do Real Decreto 1568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta, para o seu debate e votación en pleno, unha **Moción en contra da LGBT fobia e en apoio aos dereitos civís con motivo do orgullo.**

Sendo as 21:06 horas, procédese a un receso para o exame do texto da moción. Ás 21:06 horas retómase a sesión, e infórmase que o texto da moción é modificado, substituíndose a referencia á colocación da Bandeira na Casa do Concello pola expresión "*nalgún edificio municipal*".

Intervén D. Anxo Núñez Fernández, voceiro do BNG, para **xustificar a presentación da moción por vía de urxencia**. Expón que a iniciativa ten por obxecto manifestar o rexeitamento institucional á LGBTIfobia e apoiar os dereitos do colectivo LGTBIQ+, coincidindo coa semana na que se celebra o Día Internacional do Orgullo. Argumenta que non se presentou dentro do prazo ordinario de inclusión na orde do día porque, naquel momento, considerábase prematuro promover unha iniciativa sobre este asunto, ao non dispor da información suficiente sobre a posición do resto dos grupos nin do goberno. Engade que, dado que non se promoveu ningunha declaración institucional por parte do Concello, entende que é procedente, necesaria e xustificada a tramitación por vía de urxencia da moción para que poida ser debatida e votada coincidindo coa efeméride.

A continuación, intervén D. Manuel González López, voceiro de Compromiso por Outes, quen manifesta que o seu grupo votará a favor da urxencia, sen entrar neste momento no fondo da moción, que será valorado no momento do debate.

Pola súa banda, D. José Antonio Caamaño Lestón, voceiro do Grupo Mixto (PSdeG), considera que, nesta ocasión, a urxencia está debidamente xustificada, polo que anuncia tamén o voto favorable do seu grupo á súa tramitación inmediata.

Xustificada a urxencia, pola Alcaldía sométese a votación, resultando aprobada a presentación pola vía de urxencia por unanimidade.

Acto seguido, D. Anxo Núñez Fernández dá lectura ao texto da moción, co seguinte contido literal:

"O día 28 de xuño conmemórase internacionalmente o día do Orgullo LGBT en lembranza das revolta de Stonewall acontecida en New York no ano 1969. Máis de medio século despois,



foron dándose múltiples conquistas de dereitos básicos para as persoas LGBT grazas a unha loita colectiva infatigábel.

Porén, a pesar dos avances, segue a haber moito camiño por percorrer para acabar coa discriminación e a violencia que padecen as persoas LGBT ao redor do mundo, como tamén en Outes e, por ende, na propia Galiza. A LGBTfobia existe aínda no noso país e conta con boa saúde en certos sectores, polo que se fai preciso continuar desenvolvendo ferramentas eficaces para o seu combate. Neste senso, cómpre lembrar o asasinato de Samuel Luíz na Coruña hai só 4 anos no contexto dunha agresión homófoba.

Os delitos de odio de carácter LGBTfóbico son os segundos máis denunciados segundo o Ministerio do Interior, só superados polos de carácter racista e xenófobo. Segundo esta mesma fonte, no estado español foron 522 os delitos destas características durante o ano 2023, incrementándose a respecto do ano anterior. Mais é preciso sinalar que a respecto das agresións LGBTfóbicas, existe unha importante taxa de infradenuncia, pois máis dun 80% das agresións sufridas -algúns estudos sinalan cifras superiores ao 90% - non chegan a denunciarse nunca, polo que as cifras coas que actualmente contamos non deixan de ser a punta dun alarmante iceberg.

Informes do Consello da Cultura Galega advirten sobre a situación das persoas LGBT na actualidade. Neste senso, resultan preocupantes os datos obtidos en varias áreas, sendo graves os do ámbito da educación, salientando que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Aínda son moitas as persoas que non poden expresarse libremente sobre a súa orientación sexual ou identidade de xénero por medo ás ameazas, ao trato diferencial ou ao acoso, unha vez que os centros educativos non son espazos seguros. En base ás enquisas realizadas, os datos amosaron que o 81% do alumnado LGBT sufriu algunha agresión e o 69% do profesorado presenciou algunha vez agresións contra poboación LGBT.

O marco lexislativo existente na Galiza é claramente exíguo, ademais de que aínda non está completamente desenvolvido a pesar de superarmos xa a década desde a aprobación da Lei 2/2014 Pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGBT. As decisións adoptadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza provocan que, por exemplo, aínda non exista ningunha lexislación específica que recolla os dereitos das persoas trans ou que non se teñan desenvolvido medidas concretas en materia educativa para fomentar a diversidade e combater a LGBTfobia.

A nivel local, moi ao noso pesar, asistimos neste contexto á nula vontade por parte do goberno actual por recoñecer e visibilizar o apoio institucional do concello ás veciñas e veciños do colectivo. Sabémolo porque a semana pasada, na comisión de servizos, este grupo municipal preguntou cando ía o goberno a colgar a bandeira do orgullo no balcón do concello e tamén quedamos á espera de que o alcalde se puxera en contacto cos grupos para facer unha declaración institucional. É revelador que o goberno renuncie a un sinxelo



xesto, en favor dos dereitos humanos. Aínda así, nós non nos quedamos só no simbólico se non que consideramos que o concello debería ir máis alá e realizar actividades ou campañas que axuden a visibilizar os dereitos civís e en contra do acoso. É por iso polo que queremos someter a votación o seguinte acordo.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno Municipal reafirma o seu compromiso cos dereitos de todas as persoas independentemente da súa orientación e/ou identidade de xénero e condena os discursos de odio espallados por movementos reaccionarios, polo que todas as forzas representadas no mesmo asumen o acordo de traballar activamente para evitar a discriminación non asumindo posicións LGBTfóbicas.

2. A corporación insta ao goberno municipal a:

1. Visibilizar este compromiso coa exhibición da bandeira do Orgullo LGBT nalgún edificio municipal con motivo da celebración do Día do Orgullo LGTB

2. Promover políticas municipais que garantan a igualdade e a visibilidade do colectivo LGBT.

3. Dirixirse á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado para reclamar a ampliación de dereitos e a aplicación de medidas efectivas contra o odio, a discriminación e todas as formas de violencia.

4. Instar aos gobernos da Xunta de Galiza e do estado a ampliar os dereitos recoñecidos na lexislación actual e desenvolver e aplicar políticas activas contra o odio e a discriminación, con medidas claras para a protección dos colectivos que poidan ser albo destas violencias e con iniciativas para combater non só a LGBTfobia e a transfobia, senón tamén o machismo, racismo, xenofobia ou calquera outra forma de violencia."

Aberta a **quenda de intervencións**, toma a palabra o voceiro de Compromiso Outes D. Manuel González López, quen manifesta o orgullo do seu grupo por ter sido o primeiro goberno municipal de Outes en colocar a bandeira do Orgullo no balcón da Casa do Concello. Reivindica o acto como un símbolo de visibilidade e defensa dos dereitos do colectivo LGTBQ+, e critica a decisión do actual goberno de colocar a bandeira noutro espazo distinto, cualificándoa de retroceso simbólico. Advirte da importancia de manter os avances logrados e denuncia os retrocesos que, ao seu xuízo, se están producindo a nivel estatal e internacional. Agradece, no entanto, que o grupo do Partido Popular manifeste o seu apoio á moción, aínda que con reservas sobre o espazo elixido para a bandeira.

Pola súa banda, D. José Antonio Caamaño Lestón afirma que tanto el como o Grupo



Mixto defenderon sempre os dereitos de todas as persoas, independentemente da súa condición ou identidade. Responde ás críticas do BNG alegando que o goberno lle solicitou persoalmente as bandeiras utilizadas en exercicios anteriores e que só se localizou unha, que estaba gardada na Casa da Cultura. Critica que se focalice o debate na localización da bandeira en lugar de no contido da moción, e confirma o voto favorable do seu grupo.

Intervén tamén a Alcaldía, quen informa de que a bandeira foi colocada na xornada do día da sesión na Casa da Cultura, e manifesta o apoio do grupo de goberno ao contido da moción e á declaración institucional proposta.

No peche do debate, D. Anxo Núñez Fernández lamenta que o goberno non optara por colgar a bandeira no edificio principal da institución municipal, a Casa do Concello, que cualifica como o espazo simbólico de representación da veciñanza de Outes. Considera que a decisión do goberno supón un retroceso na visibilización institucional dos dereitos LGTBIQ+ e cualifica de preocupante a falta de implicación. Defende que a bandeira gardada na Casa da Cultura foi adquirida con fondos da área de Cultura e reprocha a falta de previsión e implicación do goberno local durante o mes de xuño.

Responde novamente D. José Antonio Caamaño Lestón, quen critica a postura do BNG respecto ao uso dos espazos institucionais, lembrando que ese mesmo grupo pretendeu celebrar a sesión plenaria da moción de censura na Casa da Cultura, en lugar de no salón de plenos da Casa do Concello. A xuízo do concelleiro, esta actuación contradí a defensa que agora fai o BNG da Casa do Concello como edificio de maior representatividade institucional.

Pécha o debate a Alcaldía, lamentando que se introduzan polémicas que, ao seu xuízo, desvirtúan o acordo de fondo. Reitera que a bandeira foi colocada e que todos os grupos están de acordo en aprobar a declaración institucional.

Sometida a votación, **a moción é aprobada por unanimidade.**

Rogos e preguntas.

Dña. Alba Quintela Vilariño, concelleira do **Grupo Municipal de Compromiso Outes**, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, traslada as seguinte preguntas ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D^a Alba Quintela Vilariño): No pleno do 29 de outubro de 2024 aprobouse a taxa por utilización de vivendas municipais destinadas a alugamento social, e a súa aprobación definitiva foi publicada no BOP do 17 de xaneiro de 2025.

a.- Teñen previsto poñer en marcha o alugamento da vivenda social do Bosque? Que



prazos temporais barallan?

Por outra banda, na convocatoria da Xunta de Galicia de subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para alugueiro social de 2025 o noso goberno solicitou a axuda para crear a segunda vivenda de aluguer social de Outes na vivenda da escola da Barreira (Tarás).

b.- Recibiron vostedes a resolución da Xunta de Galicia con respecto a esta solicitude?

c.- O goberno de Calo e Caamaño ten intención de continuar coa nosa política de arranxar as antigas vivendas dos mestres, nas escolas unitarias do noso concello para seguir creando vivenda de aluguer social, mantendo e coidando o patrimonio municipal?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Respecto ao primeiro apartado, efectivamente temos previsto poñer en marcha o alugamento da vivenda social do Bosque. Entendemos que é lóxico que agora se preocupen polos prazos desta actuación, pero tamén nos gustaría que se tiveran preocupado polos prazos desde o ano 2022, momento no que comezaron as obras.

Hai que lembrar que deixaron o goberno en febreiro de 2025 con esta actuación sen estar dispoñible, sen estar pagado o mobiliario e sen finalizar a posta a punto, polo que non é realista pensar que en pouco máis de tres meses imos pagar e solucionar o que non se fixo en case tres anos. Polo tanto, intentaremos poñer en marcha o alugamento canto antes, pero temos que ser conscientes destas circunstancias.

Sobre o segundo punto, a día de hoxe non recibimos ningunha comunicación oficial por parte da Xunta de Galicia en relación coa solicitude de subvención para a vivenda da escola da Barreira (Tarás).

En canto á continuidade da política de rehabilitación das antigas vivendas dos mestres, e entendendo a pregunta como unha cuestión de continuidade da política do goberno anterior, quero aclarar que o actual grupo de goberno non está só composto por Calo e Caamaño, e que é importante respectar a pluralidade interna do mesmo.

Por suposto, nos alegamos que o goberno da Xunta de Galicia, mantén esa liña de recuperación de inmobles destinados ao aluguer social, e a nós tamén nos gustaría continuar con esa política. Non obstante, temos que sinalar que a vivenda social da escola do Bosque custou máis de 90.000 euros, dos cales o Concello achegou arredor de 50.000 euros. A situación económica actual limita as posibilidades do Concello para acceder a novas subvencións, dado que non dispoñemos de fondos suficientes para achegar a contrapartida requirida, o que non sucedía cando vostedes gobernaban e podían optar a grandes subvencións, como a de case 900.000 euros para renovación do



alumeado público, que o Concello tivo que pagar por adiantado.

RÉPLICA: Síntome na obriga de indicar que a normativa que regula este proceso foi aprobada polo noso goberno o día 29 de outubro de 2024, aprobándose definitivamente en xaneiro de 2025. E respecto á vivenda social do Bosque, esta quedou amueblada antes de que vostedes entraran no goberno. Por outra banda, Calo e Caamaño son as cabezas visibles do seu goberno, e é iso o que ve a veciñanza.

PREGUNTA (D. Daniel Rodríguez Gándara): O Campo de Fútbol Municipal do Conchido é un dos espazos deportivos con maior número de usuarios e usuarias do noso Concello. Cun investimento algo superior aos 270.000€, dos cales a Deputación de A Coruña financia 140.000€, procederase ao cambio do céspede que se agarda que sexa realizado neste ano 2025, xa que dende o pasado día 9 de xuño foron suspendidas tódalas actividades deportivas nesa instalación.

a.- Cando se iniciaron as obras de substitución do céspede?

b.- Cando ten previsto o goberno de Calo e Caamaño que finalice esta obra?

RESPOSTA (D. Andrés Castro Abelleira): Respecto á primeira pregunta, as obras de substitución do céspede, segundo o proxecto denominado "Ampliación e Renovación do Céspede do Campo de Fútbol do Conchido", aínda non comezaron. O contrato asinouse o 25 de xuño, e o día 12 de xuño realizáronse traballos previos para avaliar a situación do campo.

O pasado 9 de xuño suspenderonse as actividades deportivas, atendendo á recomendación do autor do proxecto, que indicou que despois de rematar as actividades e antes de iniciar as obras, debía levantarse o céspede antigo para avaliar o estado da base asfáltica. Estes traballos tiveron un custo de 1.200 euros, necesarios para evitar sorpresas que poidan atrasar a obra.

Respecto ao prazo de finalización, o goberno desexa que as obras finalicen antes do comezo da tempada de fútbol. Sen embargo, o proxecto actual non contempla o desplazamento da liña eléctrica que alimenta as torres de iluminación, e iso pode atrasar a obra. Ademais, non descartamos que poidan aparecer outras carencias no proxecto, polo que o prazo final aínda é incerto.+

RÉPLICA: Agradecemos a explicación, xa que daba a sensación de que as obras estaban sen adxudicar, e iso podía preocupar á veciñanza. Os imprevistos nas obras non son algo exclusivo dun goberno, tamén acontecen con outros, polo que agardamosque se solucionen adecuadamente.



PREGUNTA (D^a Alba Quintela Vilariño): Visto que fai uns meses que remataron as obras da primeira fase de mellora do saneamento e das beirarrúas do Cruceiro de Roo, e coñecendo que a empresa adxudicataria da segunda fase (marxe dereita) é a mesma que realizou as obras anteriormente nomeadas, quixeramos saber: Cando ten previsto o goberno de Calo e Caamaño que comecen as obras da segunda fase?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Tras manter contacto coa empresa e o equipo redactor do proxecto, informáronnos que en breve se coñecerán as datas para o inicio das obras. Por agora, non podemos concretar unha data máis precisa.

PREGUNTA (D^a Alba Quintela Vilariño): Non vimos aínda ningún cartel coa programación cultural e/ou de eventos do concello para este verán, tendo en conta que este ano a música tradicional está tendo especial protagonismo por todo o país debido a que o Día das Letras Galegas foi dedicado ás cantareiras que mantiveron viva a nosa tradición oral, musical e artística, e polo interese que nos mostrou a veciñanza trasladámoslle a seguinte pregunta: Cantas actuacións da escola municipal de música e baile tradicional imos poder desfrutar no noso concello nestes meses de verán?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Para o mes de xuño están previstas as seguintes actuacións: o 4 de xuño no Cruceiro de Ró, o 11 de xuño no Náutico do Freixo, o 18 de xuño en Broña, e o 26 de xuño haberá un intercambio na Horta do Muíño na Serra de Outes. En todas elas participará a Banda de Música e o grupo de baile. Pode haber baixas puntuais, que serán coordinadas polos directores da Escola.

PREGUNTA (D. Manuel González López): Por Resolución da Alcaldía do pasado 27/05/2024 procedeuse a resolver o contrato de obras "Ampliación da Escola de Santo Ourente", logo de que a empresa adxudicataria así o solicitara debido ao incumprimento do prazo máximo de comprobación do replanteo. Que prazos manexa o executivo de Calo e Caamaño para retomar a licitación e/ou adxudicación desta obra?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): a renuncia expresa da empresa adxudicataria desta obra foi consecuencia do incumprimento do prazo para a comprobación da acta de replanteo, prazo que debía cumprirse antes do 9 de febreiro, segundo o contrato asinado o 9 de xaneiro. Este incumprimento atribuímosllo ao anterior goberno, xa que a comprobación do replanteo non se realizou dentro do prazo establecido, polo que a obra non puido avanzar.

Respecto á cuestión concreta dos prazos para retomar a licitación ou adxudicación, neste momento non temos un calendario fixado, dado que o proxecto actual require unha actualización de prezos, tal e como sinala a propia empresa adxudicataria na súa renuncia, polo que a obra podería quedar deserta.



Ademais, debido ao incremento do custo final, é preciso realizar un estudo da capacidade económica do Concello para asumir esta actuación. Estes son os primeiros pasos que debemos dar antes de tomar unha decisión definitiva.

RÉPLICA (D. Manuel González López): Efectivamente, hai obras que, unha vez asinados os contratos, precisan acordar cos contratistas os prazos de inicio, como comentamos noutras intervencións. En relación coa renuncia da empresa por suposto incumprimento do prazo de comprobación do replanteo, queremos aclarar que, no momento da saída do goberno anterior, non se recibiu ningunha comunicación escrita que informase da renuncia ou da intención de non executar a obra.

Gostaríamos que o goberno clarificase se ten intención real de continuar coa obra, tendo en conta que no orzamento aprobado hai unha partida importante destinada a esta actuación, que foi destacada como prioritaria.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Como mencionei anteriormente, procederemos a revisar o proxecto e analizar a capacidade económica do Concello para afrontar os sobrecostos derivados da actualización dos prezos. En función diso, tomarase a decisión correspondente. Estes son os pasos iniciais que imos seguir para avanzar nesta actuación.

O **Grupo Municipal do BNG**, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula as seguintes preguntas:

PREGUNTA (D^a María Soledad Agra Tuñas): A licitación da obra de ampliación da escola de Santo Ourense quedou formalizada en xaneiro deste ano e, recentemente apareceu a resolución do contrato na plataforma de contratación do estado con data de 29 de maio do 2025 alegando a ausencia da empresa no replanteo. Chegados a este punto na tramitación da obra:

1. Que pasos pensa dar o goberno local para levar adiante esta obra?
2. Que prazos ten previsto o goberno ao respecto?

A concelleira manifesta a súa preocupación por esta situación, compartida pola veciñanza, ao ser Santo Ourense a única parroquia do termo municipal que carece de local social, malia contar cun proxecto redactado, crédito habilitado e contrato formalizado. Reformula a súa pregunta: “¿Están valorando non facer un local social en Santo Ourense?”

RESPOSTA (Sr. Alcalde): a empresa adxudicataria renunciou á execución da obra ante o continuo incremento dos prezos dos materiais de construción e o incumprimento do prazo de replanteo, conforme ao artigo 237 da Lei de Contratación do Sector Público, tal e como consta no documento de renuncia presentado pola adxudicataria. Na



Plataforma de Contratación do Estado recóllese que non se procedeu á comprobación do replanteo no prazo dun mes por causas non imputables ao contractista, circunstancia que atribúe á deixadez do Goberno anterior.

Engade que o Goberno municipal procederá a revisar o proxecto e avaliará a capacidade económica para asumir os sobrecustos derivados do incremento dos prezos e retomarase de inmediato o procedemento de contratación, cun horizonte de conclusión canto antes.

En relación á reformulación da pregunta, indicou que a contestación formal, por tratarse dunha pregunta oral, será abordada no próximo pleno.

PREGUNTA (D. Anxo Núñez Fernández): A nosa visión do Pampallín que ten que facer o concello de Outes é a dun festival musical que se convirta en referente cultural e a dun evento no que se preserva e se disfruta dunha das tradicións Outenses probablemente máis antigas. É por iso polo que o ano pasado fixemos, por vez primeira en algo máis de 30 anos, o desfile de fachos do Pampallín seguindo a información recollida das nosas persoas maiores e en colaboración coas investigacións do alumnado do IES Poeta Añón. Vendo o espectáculo que contrataron este ano queremos preguntar:

1. Por que motivo decidiron prescindir do voluntariado, eliminar a tradición e contratar unha empresa para facer algo que, con todo respecto, non é o Pampallín?
2. Como o valoran?

RESPOSTA (D. Andrés Castro Abelleira): durante máis de trinta anos de celebración do Pampallín, o desfile de fachos celebrouse nunha única ocasión, mentres que nos vinte e nove anos restantes non tivo lugar. A experiencia do ano pasado ano xerou dúbidas sobre a seguridade no manexo dos fachos de lume, pois producíronse situacións de risco coa caída de cachos ardendo ao chan que podían afectar aos participantes. As condicións climatolóxicas impediron levar a cabo esa actividade. Valora positivamente o desenvolvemento global do festival, sen prexuízo de que a valoración máis relevante é a dos veciños, dos que ata o momento só se recibiu unha suxerencia de mellora na noite anterior ao pleno.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): da programación musical non podemos facer unha valoración negativa, dado que parte do cartel estaba comprometido con antelación. Engade que entenden que se continúa co procedemento iniciado polo goberno municipal para solicitar unha subvención á Deputación da Coruña co fin de aliviar os custos do festival. En relación coa tradición, sinala que o pasado ano consultouse ás persoas voluntarias, quen asinaron un consentimento e asumiron as súas responsabilidades, contando cun dispositivo de Protección Civil, co apoio da Policía Local e cunha ambulancia preparada, sen que se producise ningún incidente. Destaca



que, aínda que o dispositivo e os materiais empregados están abertos a melloras, poderíase adaptar ou modificar o material dos fachos en futuras edicións, porque a preservación desta tradición é un elemento diferenciador do patrimonio inmaterial do Concello, polo que manifesta o seu pesar pola súa dilución nesta edición e roga que se reconsiderase a súa recuperación en posteriores convocatorias.

RÉPLICA (D. Andrés Castro Abelleira): a presenza dunha ambulancia reflicte o recoñecemento da actividade como potencialmente perigosa, mais insiste en que a decisión sobre o uso dos fachos corresponde a criterios nos que non coinciden todos os grupos municipais.

PREGUNTA (D. Anxo Núñez Fernández): No pleno extraordinario do 1 de abril o alcalde afirmou que “as actas da comisión de coordinación estarían a disposición dos concelleiros.” Na moción de censura dicían, entre outros slogans, que viñan a aumentar a transparencia. Pasados case tres meses aínda non apareceu a primeira no apartado de libros oficiais do gestiona.

1. Porque aínda non puxeron ningunha acta a disposición da corporación? Cando o van facer?

2. Quen foi nomeado/a finalmente como secretario/a da comisión? E na suplencia?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): as actas están a disposición dos membros da Corporación no Concello para consultalas cando así o desexen, pero, ademais, dende hoxe teñen acceso ao Libro oficial de Actas no programa Gestiona. No tocante ao nomeamento da Secretaría da Comisión, nomeouse á do Concello.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): alegranos saber que gracias á pregunta que registramos onte, hoxe aparecen as actas a disposición da Corporación Dito isto, ben se ve o aumento da transparencia que temos que solicitala para que vostedes sexan transparentes.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): polo menos imos avanzando nesas cuestións, porque no anterior goberno tuvamos preguntas que estiveron máis de un ano sin contestar, polo tanto eu creo que ao mellor deberían de tomar exemplo porque unha cuestión que respondemos en tres meses dende que empezamos a poñer en marcha estas Comisións de coordinación, estamos dando resposta. Vostedes botaron mais de preto dun ano sen contestar a cuestións que lles fixemos, polo que si, é unha mellora da transparencia: nós demos resposta, e vostedes non.

PREGUNTA (D. Anxo Núñez Fernández): Hoxe cúmplense 121 días dende que se conformou o goberno tráfuga de Outes. O balance inicial do seu goberno é pésimo e,



por desgraza, non se aprecia ningún cambio a mellor.

Vostedes presentaron unha moción de censura sen máis motivo que o do poder polo poder da man dun tráfuga e sen respectar a maioría democrática saída das urnas no 2023. Nesa mesma moción de censura dicían estar comprometidos a facer unha suposta rexeneración política e social. Pasado todo este tempo a realidade é que non se aprecia ningún cambio a positivo. Despois diso chegaron a dicir nos medios algo así como que tiñamos a brigada de obras agochada nunha cova, nunca chegaron a deixar claro cal é o seu proxecto para Outes (se é que teñen algún) e que o alcalde tiña que mirar de descansar porque xa se atopaba esgotado nas primeiras semanas do cargo.

1. Consideran positivo o seu paso nos primeiros 100 días de goberno?
2. Pensan que cumpren co que dixeron logo de atrasar o pago de facturas, a aprobación dos orzamentos municipais e despreocupándose do traspaso de poderes como é debido?
3. Consideran transparente que logo de máis de 100 días dende a moción de censura aínda non publicaran o seu pacto de goberno?

RESPOSTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): A primeira, se consideramos positivo o seu paso nos primeiros cen días de goberno; consideramos que para o Concello de Outes, que é o realmente importante, si, é positivo.

Pensan que cumplimos co que dixemos logo de atrasar o pago das facturas? O de atrasar o pago das facturas dino vostedes, o Ministerio de Facenda non o di. O prazo medio de pago das facturas mellorou no primeiro trimestre do ano 2025, pasou de 71 días a 69, e este é o dato oficial que temos polo momento. Evidentemente, o segundo trimestre deste ano aínda non está publicado. Temos tamén outros moitos datos de como evolucionou ese prazo medio de pago desde o ano 2019 ata o día de hoxe.

Con respecto ao retraso na aprobación do orzamento municipal, temos que dicir que entramos no goberno o 25 de febreiro deste ano e, pouco máis dun mes despois, aprobouse o orzamento de 2025 en pleno. Se vostedes consideran que iso é tardar moito, preguntámonos como definirían o que fixeron vostedes o ano pasado, cando, despois de levar no goberno desde xullo de 2023, non foron quen de aprobar o orzamento de 2024 en xaneiro, como debería terse feito, e aínda tardaron catro meses máis, chegando sen orzamento de 2024 ata o 25 de abril dese mesmo ano. Parécenos que teñen vostedes a vara de medir conceptos semellantes un pouquiño desconfigurada.

E, en canto á terceira pregunta, se consideramos transparente que logo de máis de cen días dende a moción de censura aínda non se publicase o noso pacto de goberno, o que temos que dicir é que o noso pacto de goberno, como vostedes o chaman, baséase en cinguirnos ao contido dos programas electorais cos que nos presentamos ás eleccións



municipais de 2023. Eses programas son absolutamente públicos desde antes do 28 de maio de 2023, data na que o Partido Popular gañou as eleccións municipais do Concello de Outes.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): vostedes sempre repiten que gañaron as eleccións, cando realmente se refiren a que foron o partido máis votado; pero ter o respaldo maioritario da cidadanía para gobernar non é o mesmo que ser o partido máis votado. A maior parte da veciñanza votou partidos que son alternativa ao que vostedes representan; esa é a realidade. Dito isto, sorpréndeme que me respondese D^a Beatriz; eu agardaba que a valoración dos primeiros cen días a fixase o alcalde, pois ao final el é a cabeza do goberno, é o presidente do goberno de Outes, polo que entendía que a valoración debiera de facela o Alcalde. Supoño, non obstante, que teñen varios alcaldes dentro do seu goberno.

En canto aos orzamentos, nós tiñamos para aprobar ao día seguinte da moción de censura os orzamentos que vostedes modificaron esteticamente para recortar algunhas partidas en concreto, pero vostedes decidiron atrasalos, e iso é unha cuestión básica para a veciñanza de Outes.

O balance dos seus primeiros 120 días de goberno logo da moción de censura é negativo. Chegaron ao poder por intereses electoralistas, en contra do sentido maioritario da veciñanza; atrasaron a aprobación dos orzamentos e, por tanto, a execución das obras comprometidas polo noso goberno; atrasaron o pago –cando vostede me dicía que non atrasaran o pago de máis de 20.000 euros a provedores– porque non fixeron os deberes de revisar a documentación; paralizaron o goberno durante un mes enteiro por non decidir as áreas de xestión; encaixaron un tráfuga no seu goberno; recuperaron chiringuitos do pasado para pagarlle de tapadillo aos seus concelleiros; fixeron unha redución notable na transparencia e continúan sen facer público o contido real do seu pacto de goberno en Outes. En fin, o tempo dirá.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): O tempo o dirá, xa o dixo. Nada máis e moitas grazas.

Finalizadas as preguntas dos membros da Corporación, polo Sr. Alcalde pregúntase se algún dos membros da Corporación ten **rogos** que formular ó equipo de goberno.

D^a Alba Quintela Vilariño: sinala que na rúa Doutor Esperante continúan sen alumeado público e sen árbores e roga que, coa maior brevidade posible, se doten estes elementos. Pide que, aproveitando as obras no CEIP Plurilingüe de Outes, se arranxe o sistema de apertura automática do portalón de entrada, que leva máis de dous meses sen funcionar correctamente. Roga, ademais, que se adecente de inmediato o parque da Cruz, onde varios bancos permanecen fóra de sitio e a herba leva semanas sen



cortar, malia o empeño veciñal no seu mantemento. Destaca que onte xa se viu a catro operarios desbrozando tras formular este rogo por escrito.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Puntualiza que na rúa Doutor Esperante non se pode actuar ata recepcionar a obra, onde se detectan defectos pendentes de resolver. Indica que no CEIP Plurilingüe o motor do portalón rexistra unha intervención recente, que volve a fallar, e que xa hai un orzamento aprobado para a súa reparación. Aclara que no parque da Cruz se executan as actuacións previstas —desbroces e melloras das filtracións do estanque— en coincidencia coas festas de San Pedro.

D^a Soledad Agra Tuñas: Comunica, a través da Asociación Veciñal San Campio de Santo Ourente, que na igrexa de Santo Ourente aparecen grandes desperfectos, co risco de caídas de pedra do campanario. Roga ao Concello a requirir aos estamentos da Igrexa a reparación inmediata das zonas perigosas para evitar riscos de derrube e garantir a seguridade das persoas.

D. Anxo Núñez Fernández: Solicita que se pinten as marcas viarias na rúa do Cruceiro de Roo ata a igrexa de Roo e na rúa do Agro das Mozas. Pide que, aínda sen recepcionar a obra da praza do Concello, se desbroce a súa contorna para manter o espazo limpo e seguro. Insta ao Goberno local a presionar á Xunta de Galicia para que aporte a maior parte dos fondos destinados ao programa de rehabilitación de vivendas, ao seren competencias maioritariamente autonómicas. Reclama que non se falseen os datos sobre a capacidade económica do Concello, lembrando que, ao 31 de decembro, o saldo líquido achega o millón de euros e o remanente de tesourería dispoñible para gastos xerais ronda os 500.000 euros.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): Considera que estas cuestións deberían formularse como preguntas, pois requiren debate. Explica que ao 25 de febreiro hai 700.000 € líquidos en caixa fronte a 900.000 € en facturas pendentes de pago. Aclara que non está autorizada a entrada na praza do Concello nin a súa limpeza, ao non estar recepcionada a obra, polo que se adoptarán medidas de peche e sinalización para evitar incidentes.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 22:15 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

